



**CONCELLO DE TEO** (A CORUÑA)

**D<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

**CERTIFICA:**

Que a sra. alcaldesa, con data de 28 de maio de 2026, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Adhesión ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os Sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (AEE) (2026/G003/000340)

**EXPEDIENTE:** 2025/A006/000010

Visto o Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os Sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (AEE), asinado en data 4 de xullo de 2025, e que establece os compromisos necesarios para garantir a recollida e xestión dos RAEE recollidos nas instalacións das EELL.

Considerando que, segundo a cláusula segunda do Convenio, calquera concello galego poderá adherirse a este convenio en calquera momento durante a súa vixencia.

Vista a Resolución de alcaldía de data 6 de marzo de 2026 (Res. 273/2026) pola que se adxudica o servizo de recollida de residuos urbanos, limpeza viaria e xestión do punto limpo municipal no Concello de Teo.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

**RESOLVO:**



**CONCELLO DE TEO** (A CORUÑA)

**Primeiro.-** Solicitar a adhesión ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os Sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (AEE), asinado en data 4 de xullo de 2025.

**Segundo.-** Asumir os compromisos establecidos no citado Convenio marco, ao abeiro do esixido no Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos e en demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

**Segundo.-** Remitir a solicitude de adhesión á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, xunto coa documentación correspondente, para continuar co procedemento.

**Terceiro.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

---

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Visto e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz